

## RESOLUCIÓN SOBRE A POSTA EN MARCHA DA REDE GALEGA DE CENTROS DE INCLUSIÓN SOCIAL

Mandato Asembleario: EAPN Galicia

### Introdución

A situación das persoas sen fogar constitúe hoxe en día unha das realidades máis dramáticas que presenta a exclusión e que está a resultar máis difícil de abordar dende a perspectiva da integración ou inclusión social. Segundo o Observatorio Europeo dos Sen Teito, **persoa sen fogar** é "toda aquela que non pode conservar ou acceder a un aloxamento axeitado, permanente e que proporcione un marco estable de convivencia, xa sexa por razóns económicas ou outras barreiras sociais, ou ben porque presentan dificultades persoais para levar unha vida autónoma".

No fenómeno que afecta as persoas sen fogar as **situacións cambiantes características da exclusión** evidéncianse de xeito especial. De feito, ata o de agora sempre se manexou un perfil da persoa transeúnte ou sen fogar que a identificaba como xente solitaria, anónima, que se despraza dun lado para outro, con signos máis ou menos evidentes de trastornos psíquicos. Non obstante, esta poboación é cada vez máis heteroxénea. O perfil do transeúnte entendido como tradicional (varón, maior de 45 anos, so, alcohólico) está a diminuír. Fenómenos como a xuvenilización e a feminización da pobreza, o incremento do nivel educativo e cultural, a existencia cada vez máis de problemas asociados a rupturas familiares, toxicomanías, saúde mental e, sobre todo, o incremento tamén de persoas estranxeiras afectadas por esta situación, confirman a heteroxeneidade do perfil das persoas sen fogar.

Atopámonos así cunha das realidades máis complexas, relativamente inédita, plural e cuantitativamente cada vez máis significativa para a que **se requiren intervencións de carácter integral**, capaces de superar a oferta de respostas ou medidas paliativas e **formular, polo tanto, solucións rectificadoras que desenvolvan verdadeiros procesos de inclusión.**

A problemática das persoas sen fogar en Galicia atópase agravada pola histórica ausencia de políticas activas de titularidade pública a prol da posta en marcha de recursos e respostas axeitadas a tan complexa realidade quedando en mans da iniciativa privada, fundamentalmente de carácter relixiosa, a asistencia e atención ás necesidades máis básicas das persoas en situación de rúa.

### Lexitimación política e normativa

En correspondencia coa Constitución Española, o Estatuto de Autonomía de Galicia reconece á Comunidade Autónoma Galega competencia exclusiva en materia de asistencia social no artigo 27. 23 ° da *Lei Orgánica 1/1981, do 6 de abril.*

En cumprimento desta competencia aprobouse a *Lei 13/2008, de 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia*, que ten como obxecto estruturar e regular, como servizo público, os servizos sociais en Galicia para a construción do sistema galego de benestar. Mediante esta lei os poderes públicos galegos garanten como dereito recoñecible e esixible o dereito das persoas aos servizos sociais que lles correspondan en función da valoración obxectiva das súas necesidades, co fin de posibilitar que a súa liberdade e igualdade sexan reais e efectivas, removendo os atrancos que impiden ou dificultan a súa plenitude e facilitando a participación de todas e todos na vida política, económica, cultural e social.

Esta lei fai unha clara distinción entre servizos sociais comunitarios que compreden, a súa vez, dúas modalidades, básicos e específicos, e servizos sociais especializados. **Os servizos sociais comunitarios desenvolverán programas e xestionarán centros orientados a colectivos con problemáticas identificadas e singulares, procurando a súa normalización e reincorporación social ou como espazo de tránsito a un servizo especializado.**

Segundo a Disposición Adicional Sétima desta Lei, as referencias normativas en materia de servizos sociais de atención primaria enténdense efectuadas aos servizos sociais comunitarios regulados no Capítulo I desta Lei.

O *Decreto 240/1995, do 28 de xullo, polo que se regulan os servizos de atención primaria*, ten o obxecto de desenvolver o contido dos programas do primeiro nivel de atención de forma que se garanta a atención básica e xeneralizada na totalidade do territorio autonómico cuns contidos mínimos na prestación dos servizos a toda a cidadanía. Para conseguir a súa finalidade, os servizos sociais de atención primaria desenvolverán equipamentos, ademais de prestacións e proxectos sociais, que poden adoptar tanto un carácter polivalente e aberto á comunidade, como complementariamente, un carácter sectorial e centrado en grupos con problemáticas específicas tendo neste caso a consideración de equipamentos de atención primaria na correspondente área de actuación.

Este decreto considera como equipamentos propios dos servizos sociais de atención primaria, entre outros, os centros de día, albergues e os centros de acollida orientados a proporcionar atención, aloxamento e cobertura das necesidades básicas das persoas que, por diferentes circunstancias, se atopan en situación de marxinación e precisan de programas orientados á normalización que eviten unha deterioración persoal progresiva.

A lexislación en materia de servizos sociais non desenvolvera de xeito específico a definición, tipoloxía e requisitos que deben cumprir os recursos e centros dirixidos ás persoas que se atopan en situación ou grave risco de exclusión social. Por iso a importancia da *Orde do 25 de xaneiro de 2008 pola que se regulan os requisitos específicos que deben cumprir os centros de inclusión e emerxencia social* e que ven a desenvolver o que o nomeado *Decreto 240/1995, do 28 de xullo*, establecendo os equipamentos propios dos servizos sociais de atención primaria. Especificamente, para o eido de interese desta proposta, a *Orde do 25 de xaneiro de 2008* ten o obxecto de regular a determinación dos requisitos específicos esixibles aos centros e establecementos que poñen atención no colectivo de persoas en risco de exclusión, tanto públicos como privados, co fin de garantir a adecuación das instalacións, a calidade na prestación dos servizos e unha atención axeitada ás necesidades e características das persoas usuarias. Así é como esta Orde regula as seguintes tipoloxías de centros: albergues, centros de acollida e inclusión, comedores sociais, centros de atención social continuada, centros de día de inclusión social e outro tipo de unidades vinculadas aos centros (unidades de hixiene ou unidades de rúa).

## Lexitimación política e social

No imaxinario colectivo da sociedade do século XXI segue a ter unha incidencia e peso significativo a opinión, máis ben xuízo de valor, de que as persoas sen fogar atópanse nesa situación por vontade propia, por falta de interese no traballo, por desidia ou simplemente por *vicio*. Descoñécese, ou ignórase, a realidade e riscos vitais que implica para a cidadanía en xeral a existencia nunha sociedade na que non todas as persoas teñen o mesmo nivel de oportunidades, unha sociedade que en si mesma xera desigualdades.

Ao erro colectivo que implica a doada *culpabilización* ás persoas sen fogar da súa situación, hai que engadir outra **resposta** común na **sociedade** actual fronte a esta problemática, se cabe aínda máis preocupante, e que ten que ver co cruel efecto que provoca a ignorancia sobre as persoas que se atopan na rúa: a **invisibilidade** da súa existencia, da súa presenza.

E fronte a resposta da sociedade atopamos que a **resposta das administracións públicas** é escasa ou inexistente e que non garante a cobertura á cidadanía dos dereitos sociais máis básicos. A falta de planificación de políticas públicas orientadas a atención das situacións de pobreza extrema e de compromiso real de inversión nas mesmas evidencia as tarefas aínda pendentes do chamado *estado de benestar*.

O **II Plan Galego de Inclusión Social** (2007-2013) deseñado pola **Xunta de Galicia** coa finalidade de modernizar e potenciar o modelo social galego, baseado nos principios de solidariedade e protección das persoas máis vulnerables, contempla o desenvolvemento de accións positivas a favor de grupos vulnerables entre as que **asume o compromiso** de construción en zonas urbanas dunha **Rede de 7 Centros de Inclusión Social** cunha funcionalidade e nivel de esixencias propios de Albergue, Centro de Día, Centro de Atención Social Continuada e, opcionalmente, Centro de Acollida para a Inclusión Social.

A Xunta de Galicia optara polo inicio da posta en marcha desta rede de Centros de Inclusión Social na cidade de Vigo coa pretensión de establecer o equipamento no edificio da Casa do Mar do Instituto Social da Mariña. O rexeitamento por parte do colectivo á iniciativa proposta dende a Xunta de Galicia conlevou que un ano máis tarde anunciárase un cambio de situación deste proxecto coa **cesión do edificio do Fogar San Paio**, máis coñecido coma “Gota de Leite”, e **compromiso de apertura por parte do organismo autonómico do Centro de Inclusión Social de Vigo** no mesmo.

A principios do ano 2009 a Xunta de Galicia inicia no edificio do Fogar San Paio parte das obras de acondicionamento do Centro de Inclusión Social proxectado para a cidade de Vigo investindo case 240.000 € nas instalacións dun Comedor Social e Centro de Atención Social Continuada segundo os requisitos específicos que establece a citada *Orde do 25 de xaneiro de 2008*.

O **desacordo** xerado entre a administración local e autonómica respecto ao emprazamento deste recurso provocou que a Xunta de Galicia optara por destinar o edificio e a inversión realizada co fin concreto referido, a outro tipo de usos distintos ofrecendo como alternativa o establecemento dun acordo de colaboración cunha institución relixiosa da cidade olívica na prestación dun servizo que, en ningún caso, da resposta nin as necesidades reais, nin ao proxecto de carácter integral e polivalente que a propia Xunta de Galicia previu e comprometeu na cidade de Vigo.

O exemplo do acaecido no municipio de Vigo é revelador da ausencia de coherencia política e interese real das administracións públicas na oferta de servizos que de xeito polivalente dean resposta ás necesidades existentes, que superen o enfoque asistencial e possibiliten o inicio e consolidación de procesos de recuperación persoal.

### **Xustificación da necesidade social**

A importancia da posta en marcha de recursos coma os Centros de Inclusión Social radica na necesidade de superación de actuacións ou respostas de carácter asistencial. Supón apostar por un recurso básico de asistencia e intervención que de xeito polivalente ofrezca unha resposta máis aló da simple manutención ou pernocta puntual mediante o servizo dun albergue ou comedor social, e que garanta a cobertura das necesidades máis básicas pero tamén os coidados esenciais de carácter sociosanitario e o axeitado apoio profesional que posibilite o inicio e consolidación de procesos de recuperación persoal e, con elo, a saída do círculo da pobreza e exclusión social.

**A gran complexidade da problemática** que afecta as persoas que se atopan sen fogar **require**, ademais da resposta urxente á súa necesidade residencial, **de**:

- Intervención de servizos profesionais que sexan capaces de **identificar causas e posibles solucións coa propia persoa**, de traballar a reconstrución psicosocial, a autonomía persoal e a adquisición e ou mellora das competencias socio-persoais básicas.
- **Actuacións que faciliten un espazo de participación** das persoas sen fogar na sociedade e na vida comunitaria co apoio dos distintos axentes sociais. Non so é necesario o acceso á vivenda ou espazo físico, se non tamén crear ferramentas para conseguir satisfacer as necesidades de subsistencia, protección, afecto, comprensión, creación, recreo, identidade, dignidade, autoestima e liberdade.
- Planificación de intervencións e respostas deseñadas cun **enfoque sociosanitario** que garanta o carácter transversal que as políticas públicas deben incorporar na atención ás persoas en situación de maior vulnerabilidade e/ ou exclusión social.
- E, para todo elo, compre planificar **recursos e servizos de distinta intensidade** que baixo **criterios** de intervención **integrals, obxectivos, profesionais** e de **calidade** (en primeira instancia, responsabilidade e competencia dos poderes públicos) teñan a capacidade de respectar, comprender e acompañar o momento e proceso de cada persoa que lles permita a superación paulatina das dificultades mediante a oferta de recursos de baixa, media e alta esixencia.

## PROPOSTAS

Posto que é responsabilidade das Administracións Públicas garantir a articulación de políticas sociais que teñan por obxecto reducir os riscos vitais que xera unha sociedade na que non todas as persoas teñen o mesmo nivel de oportunidades a **EAPN-Galicia insta ao Goberno Galego**, na atribución das súas competencias, a:

- Desenvolver os compromisos adquiridos no II Plan Galego de Inclusión Social 2007-2013 en relación coas medidas previstas de atención ao colectivo das persoas sen fogar e situacións de emerxencia e pobreza severa e, en particular, o compromiso da posta en marcha da **Rede Galega de Centros de Inclusión Social** da comunidade autónoma galega.
- Crear un **Órgano Consultivo** que desenvolva, entre outras, tarefas de **Observatorio Permanente** que de xeito específico aborde a problemática do *senfogarismo* en Galicia coa finalidade de ter un coñecemento obxectivo da mesma e dispor dun espazo aberto á participación dos diferentes axentes sociais implicados na proposta, deseño e planificación de políticas activas orientadas a favorecer a inclusión social das persoas en situación de extrema pobreza.
- Creación e posta en marcha dunha **Subcomisión ou mesa sociosanitaria** na **Comisión Interdepartamental**, aínda pendente de constitución, prevista no artigo 65 da *Lei 13/2008, de 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia*, que centre a súa intervención na procura de medidas específicas que aborden de xeito integral a problemática das persoas en situación ou grave risco de exclusión social; outorgando o necesario **enfoque sociosanitario** ausente nas políticas públicas á planificación de medidas e recursos orientados a atención das persoas sen fogar.
- Aplicar estratexias e medidas orientadas a favorecer e **potenciar o acceso á vivenda** das persoas en situación de maior vulnerabilidade socioeconómica residentes na Comunidade Autónoma Galega.

Máis información: [www.eapn-galicia.com](http://www.eapn-galicia.com)